

novos destinos

XOVES 5 OUTUBRO 2023

Auditorio de Galicia, 20:00 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Alberto Rosado, piano

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann e Alberto Rosado

Sala Mozart, 19:15 h

Ao rematar, servírase un viño cortesía de Galicia Calidade"



**GALICIA
CALIDADE**



f i a n d o h i s t o r i a s

MIGRACIONES

PROGRAMA

I

KAIJA SAARIAHO (1952-2003)

Ciel d'Hiver

GYÖRGY LIGETI (1923-2006)

Concerto para piano e orquestra

Vivace molto ritmico e preciso

Lento e deserto

Vivace cantabile

Allegro risoluto, molto ritmico

Presto luminoso

Alberto Rosado, piano

II

SERGEI RACHMANINOV (1873-1943)

Danzas Sinfónicas, op. 45

Non allegro - Lento - Tempo I

Andante con moto (Tempo di valse)

Lento assai - Allegro vivace

** Coa participación do alumnado da EAEM*

Duración aproximada do concerto: 95 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Baldur Brönnimann

PIANO

Alberto Rosado

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)

Adriana Winkler
(axuda de concertino)

Anca Smeu **

Michal Ryczal

Ilya Fisher

Daniel Kordubaylo

Victoria Jurov

Yulia Petrushevskaya

Anna Alexandrova

Joel Doraci***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Elina Viksne

Kiyoko Ohashi

Samira Ajkic

Enrique Roca

Helena Sengelow

Teresa Barcelona ***

David Poghosyan ***

Rober Beroy ***

VIOLAS

Natalia Madison *

Ionela Ciobotaru **

Timur Sadykov

Iriana Fernández

Anne Schlossmacher

Oxana Bakulina

Josep Ruiz ***

Gema Gallardo ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Manuel Lorenzo

Carlos García

Thomas Piel

Jordi Villanueva ***

Emilio Ubcach ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Amador Del Pozo

Dina Durán ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Carmen Ferreiro (R)

Marta Zlatkovic ***

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

Sergio Rodríguez ***

CLARINETES

Vicente López *

Bernardino Assunção

(R)

Víctor Lardiés ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

Belén Carril (R)

TROMPAS

Jordi Ortega *

Xavier Ramón **

Alfredo Varela *

Pablo de Miguel ***

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llåtser **

Pablo Martínez ***

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)

Arturo Centelles (R)

Marcos Dorado (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

SAXO

Adrián Pais (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Guillem Serrano (R)

Gonzalo Zandundo (R)

Isabel Diego (R)

Sergio Sanchís (R)

Iker Iriondo ***

PIANO/CELESTA

Haruna Takebe (R)

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

BIOGRAFÍAS

Baldur Brönnimann

director

Director musical e artístico da Real Filharmonía de Galicia. Naceu en Suíza e reside en Madrid dende hai máis de 13 anos, Brönnimann formouse na Academia de Música da Cidade de Basilea e no Royal Northern College of Music de Manchester, onde posteriormente foi nomeado titor visitante de dirección.

Baldur é unha persoa profundamente comprometida coa relevancia da música clásica na sociedade e coa creación actual, moi activo como comisario de novas obras, de diferentes festivais e ciclos, así como coa divulgación e formación de novos músicos e público.

A súa carreira como director artístico e musical comeza coa dirección titular da Orquesta Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá, posto que ocupou entre os anos 2008 e 2012. Entre 2011 e 2015 asumiu a dirección artística de BIT20, principal conxunto de música contemporánea de Noruega. Ademais, entre 2014 e 2020 foi director principal da Orquesta Sinfónica do Porto Casa da Música á que segue regresando cada temporada tras un exitoso mandato.

Nos últimos anos, entre 2016 e 2023, tamén liderou a Sinfonietta de Basilea, orquestra onde dirixe programas que combinan obras contemporáneas co repertorio estándar, nunha procura constante para desafiar as convencións clásicas e explorar novas vías para a interpretación orquestral.

Brönnimann dirixiu salientables interpretacións de obras de compositores como Ligeti, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel e Zimmerman en festivais como o Wien Modern, Darmstadt, Mostly Mozart no Lincoln Center e os Proms da BBC, e goza da máis alta consideración dalgúns dos compositores máis eminentes da actualidade, como Chin, Lachenmann e Saariaho. Nas últimas tempadas converteuse nun director moi demandado, e dirixiu a Filharmónica de Seúl, Filharmónica de Oslo, Sinfónica da WDR, Sinfónica de Barcelona, Filharmónica de Bergen, a Sinfónica da Radio de Viena e as orquestras de Cámara de Aurora e Múnic, entre outras.

Nos teatros de ópera, Brönnimann dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, a Komische Oper Berlin e o Teatro Colón (Bos Aires) tanto nas producións da Fura dels Baus como de Barrie Kosky, *A morte de John Adams* de Klinghoffer na English National Opera, *L'amour de loin* de Kaija Saariaho no Festival de Bergen e a Ópera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien de Viena. No Teatro Colón da Arxentina tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski e *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann, co compositor como narrador, e *Die Soldaten* de Zimmermann.

Alberto Rosado

piano

Nado en Salamanca en 1970, Alberto Rosado pertence a unha xeración de intérpretes formados nun repertorio clásico e comprometidos dunha maneira especial coa música contemporánea. Deu recitais nas principais cidades e festivais de Europa, América e Asia e actuou como solista coa Orquesta Nacional de España, Sinfónica de Bamberg, Sinfónica de RTVE, Sinfónica de Castilla y León, Filarmónica de Sevilla e Filarmónica de Gran Canaria, ORCAM, Filarmónica Ciudad de México, OFUNAM (México), Orquesta Sinfónica de Córdoba (Arxentina), JONDE, Plural Ensemble, UMZE (Budapest), Proxecto Guerrero e Modus Novus. Foi dirixido por Péter Eötvös, Susanna Mälkki, Josep Pons, Jonathan Nott, Fabián Panisello, Rafael Frühbeck de Burgos, Pedro Halffter, Arturo Tamayo, José Ramón Encinar, Zsolt Nagy, José Luis Temes, Massimo Quarta, Hadrian Ávila, Philip Greenberg e Carlos Riazuelo, entre outros.

Estivo interesado na música contemporánea durante toda a súa carreira, pero é nestas dúas últimas décadas e media cando a súa actividade se focalizou na música de hoxe. Comeza entón unha estreita relación con compositores como Boulez, Lachenmann, De Pablo, Halffter, Hosokawa, Eötvös, López López e moitos outros, tanto na súa faceta de solista como na de membro de Plural Ensemble, conxunto do que forma parte desde 1999. Actualmente, e froito dun intenso traballo de investigación, parte da súa actividade no terreo

da música actual está dedicada á difusión de obras para piano e electrónica.

Entre as súas gravacións destacan o *Concerto para piano e orquestra* e os *Movimentos para dous pianos e orquestra* de José Manuel López López coa Deutsches Symphonie Orchester dirixida por Johannes Kalitzke, para Kairos; a obra completa para piano de Cristóbal Halffter e a de José Manuel López López con Verso, selo que tamén publicou un disco con obras de Messiaen, Ligeti, Takemitsu e Cage. Gravou tres monográficos, con Plural Ensemble, dedicados a Fabián Panisello (col legno), César Camarero (Verso) e José Manuel López López (NEOS) á parte dun disco coa Orquesta Sinfónica de Castilla y León con obras de Antonio Jose, para o selo Naxos. Tamén gravou *Dipolo*, xunto co violoncellista David Apellániz, dentro da colección 'Compositores españois e latinoamericanos de música actual' da Fundación BBVA en colaboración co selo Verso. Ademais, rexistrou xunto con Plural Ensemble o *Concerto para piano* de Ligeti, publicado polo selo NEOS e a Fundación BBVA, e xunto a Claron McFadden gravou a *Homenaxe a Martha Graham* de Ramón Humet, cos poemas de Mario Lucarda e coa discográfica NEU. Un dos seus proxectos máis ambiciosos foi a gravación de *e-piano_video&electronics*, un CD-DVD distribuído polo selo IBS Classical coa colaboración da Fundación BBVA e con música para piano, electrónica e vídeo de Fuentes, Paredes, Humet, Estrada, Edler-Copes, Morales-Ossío e Navarro. A súa gravación *Fin du Temps*, cos cuartetos de Messiaen e Takemitsu xunto a José Luis Estellés, Aitzol Iturriagagoitia

BIOGRAFÍAS

e David Apellániz, editada polo selo IBS-Classical, tivo o recoñecemento unánime da crítica nacional e internacional. Nos últimos anos gravou tamén a música para trío dos irmáns Mendelssohn xunto a Alejandro Bustamante e Lorenzo Meseguer para Play Classics e un disco xunto á violinista Anna Urpina para IBS, discográfica na que aparecerán en breve un disco con todos os dúos con piano de Jesús Torres xunto a Miquel Bernat, Clara Andrada, María Zubimendi ou Robert Silla, entre outros, e outro con obras de Schoenberg, Hindemith e Eisler xunto aos compoñentes de *Fin du Temps*.

Durante catro anos foi profesor convidado da Universidade Católica de Santiago de Chile e da Universidade de Santiago, ao igual que do Centro Nacional das Artes de México e da UNAM en México D.F. É profesor de música de cámara, piano contemporáneo, imparte o máster de piano e coordina o Obradoiro de música contemporánea no Conservatorio Superior de Música de Castilla y León.

NOTAS DO CONCERTO

Estreamos temporada cunha das compositoras máis importantes do século XXI, Kaija Saariaho, recentemente falecida, quen se refería á cultura da súa Finlandia natal e á figura de Jean Sibelius así: “Sempre había un ancián sabio calvo, a autoridade masculina cuxa estética ou política gobernaba... Sentíame forzada a ser algo que non son”. Medrou nunha familia sen intereses musicais mais sendo nena sentiuse atraída polas sensacións que podían evocar os sons e, malia as dificultades, converteuse na única muller na clase de Paavo Heininen na Academia Sibelius de Helsinki. Heininen pertencía á xeración modernista que reaccionaba contra Sibelius e Saariaho uniuse, entre outros, a Esa-Pekka Salonen e Magnus Lindberg para integrar un colectivo coñecido como Korvat Auki! (Oídos abertos!), destinado a fomentar o experimentalismo. A principios da década de 1980, Saariaho exiliouse en París e encontrou un novo fogar no IRCAM de Boulez tras descubrir os avances dos espectralistas franceses como Gérard Grisey e Tristan Murail, que estudaron o comportamento dos espectros sónicos, utilizando análises espectrais de son asistidos por computadora. Este fondo espectralista é só unha dimensión da estética única que desenvolveu Saariaho. “Os ricos matices tímbricos, o material musical enfocado que evoluciona cara a formas musicais únicas, así como as obras que requiren unha escoita atenta, seguen sendo as súas pegadas dactilares musicais”, segundo o musicólogo Pirkko Moisala. A meticulosa atención da

compositora ás texturas e resonancias, ao peso do son en si mesmo, aproveita un rico potencial que implica moito máis que ‘cor’, indo máis aló dos parámetros musicais convencionais cun resultado notablemente diferente das calidades sensuais atribuídas a miúdo ao impresionismo francés. Ás veces, suxerindo unha austeridade e unha sensación de espazos expansivos, a música de Saariaho pode transmitir unha sensación liviá mentres imbúe os sons e os seus contextos cunha tanxibilidade misteriosa e fantasmal: espellismos fascinantes que se moven arredor do oínte como esculturas móbiles. Baseándose nunha orquestra puramente acústica, *Ciel d’hiver* (Ceo de inverno) foi composta en 2013 por encargo de Musique Nouvelle en Liberté e estreada en 2014 no Teatro Châtelet de París pola Orquestra Lamoreaux dirixida por Fayçal Karoui. É un exemplo destacado das paisaxes sonoras da compositora quen reelaborou o segundo movemento de *Orión*, unha obra para gran orquestra escrita en 2002 para a Orquestra de Cleveland. *Orión* era a súa composición sinfónica máis grande ata ese momento, inspirada no cazador mitolóxico, fillo mortal de Poseidón convertido nunha constelación. Saariaho volveu a esta partitura para completar a nova encarga, modificando o segundo movemento contemplativo de *Orión* na obra orquestral independente *Ciel d’hiver*. As súas mesturas imprevisibles de timbre e efectos matizados contra un fondo aparentemente estático transmiten sensacións de transformación e atemporalidade por igual.

György Ligeti sobreviviou aos campos de concentración nazis nos que perdeu o seu pai e o seu irmán mais foi quen de acadar unha sólida educación musical no Conservatorio de Kolozsvár e tras a Segunda Guerra Mundial, na Academia de Música de Budapest graduándose en 1949. Nos anos seguintes, estudou o acervo tradicional romanés no Instituto Folclórico de Bucarest seguindo a Bartók e Kodály, pioneiros na investigación sistemática da tradición sonora. Cando estala a revolución húngara de 1956, meses antes da represión soviética, Ligeti emigra a Austria onde acaba nacionalizándose e establece amizade con artistas clave da vangarda musical europea como Boulez, Stockhausen ou Bruno Maderna. O compositor experimentou con técnicas e linguaxes musicais, desde a adhesión a elementos propios da música de Bartók pasando polo uso de densas polifonías, masas sonoras complexas e cores tonais cambiantes ata interesarse pola polirritmia da percusión africana e atreverse coa música electrónica. Entre 1974 e 1977, traballou na súa operística obra mestra *Le Grand Macabre* pero, antes da súa estrea, resolveu que os seus próximos proxectos serían unha obra para trompa e un concerto para piano. O éxito da ópera e o seu medo a repetirse fixeron que Ligeti pasara bastante tempo tentando encontrar o camiño cara a esas obras que imaxinou. Nese período, aparentemente inactivo, sentiu que esas novas pezas estarían inspiradas nas ideas do libro *Gödel, Escher, Bach: An Eternal Golden*

Braid de Douglas Hofstadter, un xogo lúdico a través dos reinos da ciencia e a arte, explorando procesos de coñecemento e pensamento. Tras ano e medio de traballo, o concerto para piano resultante non foi nada satisfactorio, descartando vinte bosquexos ata o vixésimo primeiro, escrito en 1985-86, que fixou a estrea definitiva da obra como unha peza de tres movementos. Tras escoitalo Ligeti dixo: “Cheguei á conclusión de que o terceiro movemento non é un final axeitado; o meu sentido da forma esixía unha continuación, un complemento”. Completou dous novos movementos a comezos de 1988 e declarou: “Presento o meu credo artístico no *Concerto para piano*: demostro a miña independencia dos criterios da vangarda tradicional, así como do posmodernismo imperante. As ilusións musicais que considero tamén tan importantes non son unha meta en si mesmas para min, senón unha base para a miña actitude estética [...] A música como tempo ‘conxelado’, como obxecto no espazo imaxinario evocado pola música na nosa imaxinación, como creación que realmente se desenvolve no tempo, pero na imaxinación existe simultaneamente en todos os seus momentos. O feitizo do tempo, soportar o seu transcórren, pechalo nun momento do presente é a miña principal intención como compositor”. O *Concerto para piano* é unha obra en cinco movementos para orquestra clásica cuxas seccións de cordas se reducen considerablemente en número e conta con poucos efectivos de vento madeira e metal mais

inclúe instrumentos pouco frecuentes como os asubíos Swanee e de serea, a harmónica cromónica ou a ocarina contralto. Ligeti, que viña de interesarse pola música africana (especialmente a da República Centrafricana) na que a superposición de diferentes ritmos pode xerar o que el mesmo chamou “formas musicais ilusorias”, adapta esta técnica a este concerto no que as liñas musicais simultáneas extremadamente activas poden crear música que non sexa tocada por un só intérprete e xorden da colisión de diferentes ritmos. Na partitura, o compositor anota con moito coidado como quere que se reproduzan os acentos e unha das marcas desta música radica nas súas texturas claras e transparentes que permiten que asome a complexidade dos seus ritmos e a escritura para o piano solista poñendo énfase nunha sonoridade moi particular.

A figura de Rachmaninov enténdese mellor lembrándoo como compositor mais tamén como un dos grandes pianistas do século XX, faceta na que influíu a súa formación e vocación compositiva, ademais da forza do carácter ruso e o seu cosmopolitismo. A súa condición aristócrata reflíctese na elegancia das ideas melódicas e no xeito de tratalas, sen esquecer a herdanza musical dos seus mestres e os profesores destes: Siloti, alumno de Liszt e Chaikovski co que tamén estudou Taneiev, e Arenski, cuxo profesor foi Rimski-Korsakov. Dese xeito, aínda que Rachmaninov estaba, cronoloxicamente, entre os compositores da “vella Rusia” e os soviéticos e,

esteticamente, entre o nacionalismo e o romanticismo académico, el mesmo falaba así do seu traballo: “Nas miñas composicións non fixen ningún esforzo consciente por ser orixinal, nin romántico, nin nacionalista, nin nada polo estilo. Escribo sobre o papel a música que escoito dentro de min, coa maior naturalidade posible. Son un compositor ruso, e a terra onde nacín influíu no meu temperamento e a miña forma de ver as cousas [...] Chaikovski e Rimski-Korsakov exerceron grande influencia sobre min, pero nunca, que eu saiba, imitei a ninguén. Ao escribir a miña música tento que exprese de forma sinxela e directa o que hai no meu corazón cando compoño. Se aí hai amor, ou amargura, ou tristura, ou relixión, eses estados de ánimo pasan a formar parte da miña música, e esta vólvese bela ou amarga ou triste ou relixiosa”. As *Danzas sinfónicas*, escritas entre o verán e o outono de 1940 na súa casa de Long Island, foron consideradas o traballo de orquestración máis sofisticado do catálogo do autor e a súa obra máis importante. Divididas en tres seccións, ás que o compositor chegou a titular como *Mañá*, *Mediodía* e *Serán* (posiblemente como analoxía da mocidade, a madurez e a morte), as danzas transportan a súa acreditada linguaxe, extremadamente melódica, a un contexto un pouco máis modernista do que é habitual. Baseada nunha forma de sonata tradicional, *Non allegro* comeza cunha marcada unidade rítmica, nos violíns e despois nas violas; sobre ese ritmo, as madeiras constrúen unha rede melódica

que forma o material do tema que aparece desenvolvido de maneira explícita por toda a orquestra, destacando unha marcha moi marcada interpretada polos metais. No regreso do tema, percusión e piano van tomando protagonismo e, a seguir, certos efectos de ondulación nas arpas fan lembrar *La Valse* de Ravel. A segunda danza é un valse dun romanticismo tardío que abre cun chamamento dos metais, que ofrecen curiosas variacións na dinámica que o compositor escribe de forma curiosa para dar o carácter insinuante e exótico que pretende, aínda que a música pode resultar nostálgica, ás veces triste e macabra. A danza final asoma cunha pequena introdución en tempo lento. Este momento un pouco enigmático dá lugar a un *Allegro vivace* cun ambiente preto a un conto fantástico. Toda a escrita está moi fragmentada e pequenos motivos —algúns derivados de danzas como a *jota* e a *seguidilla*— chocan uns contra os outros para chegar a un tema recorrente na obra de Rachmaninov: o antigo canto gregoriano *Dies irae*. Aparecerá outro tema litúrxico —anotado na partitura *Alliluya*— como unha especie de chamada á vida que nunca remata, senón que vai converténdose en silencio.

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMO CONCERTO

Mozart ao teu carón CICLO DE LIED

MÉRCORES 11 OUTUBRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Teresa Adrán

Sala Mozart, 19:00 h

Juliane Banse, soprano — **Alexander Krichel**, piano
Itsván Simon, bailarín — **Andreas Heise**, coreógrafo e director

- W. A. Mozart. Selección
 - Sonata para piano núm. 12 en Fa maior, K. 332: I. Allegro
 - Das Veilchen, K. 476
 - An die Freude, K. 53
 - Das Traumbild, K. 530
 - Sonata para piano núm. 12 en Fa maior, K. 332: II. Adagio
 - Als Luise die Briefe, K. 520
- Das Lied der Trennung, K. 519
- Fantasia en do menor, K. 475
- Der Zauberer, K. 472
- An Chloe, K. 524
- Abendempfindung, K. 523
- Sonata para piano núm. 12 en Fa maior, K. 332: III. Al legro assai
- Requiem en re menor, K. 626: Lacrimosa (Transcripción para piano Franz Liszt)

* En colaboración coa Asociación de amigos da Ópera de Santiago